

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Real Federación Galega de Fútbol, para realización de actuacións de normalización lingüística.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo
DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizou coa Real Federación Galega de Fútbol, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Real Federación Galega de Fútbol para a realización dunha serie de actividades para difundir e promover a lingua galega no ámbito deportivo en aras de conseguir que a lingua galega acade unha etapa de máximo esplendor e o prestixio que lle corresponde en todos os ámbitos sociais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamentan no seguinte:

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para acadar a normalización plena da lingua galega correspóndelle ao Goberno galego, que deberá garantir o seu uso como lingua cooficial e adoptar as medidas oportunas para o seu fomento.

Que as partes asinantes do convenio son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega, que aprobou o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de conseguir estender o uso do galego a todos



os niveis da sociedade. Que para este fin o dito plan considera como estratéxicas as áreas deportivas e de lecer e tempo libre, para as que propón como obxectivos conseguir que a comunicación nas actividades deportivas se desenvolva en lingua galega e procurar unha oferta ampla, diversificada e atractiva de produtos en galego, prestando especial atención aos de maior aceptación entre a infancia e a mocidade.

Así mesmo, as partes queren colaborar no Plan de dinamización da lingua galega na mocidade -na actualidade en fase de desenvolvemento-, co que se pretende mostrar á xente nova a utilidade de coñecer o galego e potenciar así o seu uso neste colectivo, para o cal o citado plan incluírá medidas conducentes a incrementar a súa presenza nos espazos nos que se move a mocidade, así como a oferta de actividades e produtos en galego en áreas como o deporte, o asociacionismo, o lecer, a cultura, o ensino, a tecnoloxía ou o emprego.

Que a Consellería de Cultura e Turismo considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a Real Federación Galega de Fútbol que ten por finalidade non soamente conseguir prestixiar e promover a estima do galego como feito diferencial da nosa terra, senón que tamén se trata de manter viva entre a nosa xuventude a chama do idioma, da cultura e da identidade dun pobo que fará posible que a lingua se manteña viva no transcurso do tempo.

A intervención neste sector é decisiva, xa que o deporte é un ámbito simbólico cun seguimento masivo, especialmente de xente nova, no que brillan as persoas que a emoción colectiva converte en representantes sociais e ídolos persoais, o que axuda a presentar a lingua como algo neutro e como símbolo natural do país.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

